

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019 -2020

CENTRO: CEIP DE ARZÚA

CURSO : CUARTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIAS: CIENCIAS SOCIAIS, CIENCIAS NATURAIS, MATEMÁTICAS, VALORES SOCIAIS E CÍVICOS, EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA), LINGUA CASTELÁ E LITERATURA e LINGUA GALEGA E LITERATURA.

TITORA: MARÍA VILLAR BASCOY

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

ÁREA: CIENCIAS DA NATUREZA		
Crterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias Clave
B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	CNB2.1.1. Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.	CMCCT
B2.2 Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	CNB2.2.1. Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.	CMCCT CSC
B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais, buscando información en	CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.	CMCCT CAA

fontes variadas.		
------------------	--	--

ÁREA: CIENCIAS SOCIAIS		
Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias Clave
B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación de resultados.	CSB1.1.3. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	CAA CCL CMCCT
B2.5 Explicar que é o tempo atmosférico, coñecer os instrumentos de medida, o seu uso, realizar medicións e interpretacións de gráficos a través dos datos recollidos nunha estación meteorolóxica de cara a facer unha predición do tempo atmosférico para un período de tempo determinado e a	CSB2.5.1 Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan e fai medicións, interpretacións de datos e predicións do tempo	CMCCT CCL CAA

comunicación deste empregando mapas do tempo.	atmosférico.	
B2.7 Adquirir o concepto de litosfera, coñecer algún tipos de rochas e a súa composición identificando distintos minerais e alguna das súas propiedades e usos. Facer especial fincapé nos que son propios de Galicia.	CSB2.7.2. Identifica e explica as diferenzas entre rochas e minerais, describe os seus usos e utilidades clasificando algún minerais segundo as súas propiedades.	CMCCT CCL

ÁREA: MATEMÁTICAS

Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias Clave
B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MTB1.2.1. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas:revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.	CMCT CAA CSIEE

<p>B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as centésimas).</p>	<p>MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p>	<p>CMCT CAA CCL</p>
<p>B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor.</p>	<p>MTB2.2.1. Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p>	<p>CMCT CAA</p>
<p>B2.5. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a</p>	<p>MTB2.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.</p>	<p>CMCT CAA CSIEE</p>

resolución de problemas.		
--------------------------	--	--

ÁREA: VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		
Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias Clave
B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferencias.	VSCB2.7.2. Recoñece, identifica e expresa as calidades doutras persoas.	CSC
B3.7. Comprender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas, o coidado da familia, argumentando en base a procesos de reflexión, síntese e estruturación.	VSCB3.7.1. Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia.	CSC CCL

ÁREA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)		
Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias Clave
B1.4. Interpretar o contido das imaxes e das	EPB1.4.1. Interpreta e valora a información obtida de	CCL CAA

representacións do espazo presentes no contexto, identificando as posicións dos elementos plásticos no espazo.	imaxes no contexto social, e elabora e comunica informacións básicas.	CCEC
B2.1. Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas.	EPB2.1.1. Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais. EPB2.1.11. Utiliza diferentes materiais e texturas (arxila, tecidos, papel etc.) para as súas creacións plásticas.	CCEC CCEC CSIEE

ÁREA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		
Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias Clave
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.	LCB2.2.2. Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.	CCL CAA

<p>B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación.</p>	<p>ÇLCB3.1.2. Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.</p>	<p>CCL CAA CSIEE</p>
<p>B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.</p>	<p>LCB4.2.2. Recoñece prefixos e sufixos e é capaz de crear palabras derivadas.</p> <p>LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.</p> <p>LCB4.2.5. Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado.</p>	<p>CCL</p>
<p>B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e fragmentos</p>	<p>LCB 5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas</p>	<p>CCL CAA CSIEE CCEC</p>

ÁREA: LINGUA GALEGA LITERATURA

Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias Clave
B2.1. Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (web infantís, libros, carteis)	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade.	CCL CAA CSIEE
B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e información relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.1. Elabora en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións...	CCL CAA CD
B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, interliñado...en calquera soporte.	CCL CD CAA

B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a ela.	LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas	CCL CSC CCEC
B5.3. Identificar o xénero literario ao que pertence uns textos dados.	LGB5.3.1. Identifica o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.	CCL CCEC

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

2.1 AVALIACIÓN

Segundo as *Instrucións do 27 de abril do 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019 - 2020*, a avaliación e cualificación realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando se beneficie ao alumnado.

A avaliación terá carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, tendo en conta as actividades levadas a cabo no terceiro trimestre, de forma non presencial, sempre e cando favoreza positivamente ao alumnado, así como as aprendizaxes levadas a cabo durante os trimestres anteriores.

2.1.1. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos de avaliación estarán centrados no seguemento directo e sistemático do traballo realizado polo alumnado, así como a participación e colaboración nas tarefas de aprendizaxe, tendo en conta:

- Observación directa e sistemática das producións do alumnado.
- Grao de desenvolvemento das competencias clave.
- Seguimento individualizado.
- A implicación e o esforzo do alumnado nas diferentes tarefas.
- Actitude ante a aprendizaxe.
- Boa presentación e claridade no traballo.

2.1.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Escala de valoración.
- Escala de observación.
- Escala de cualificación
- Registro de seguimento do traballo do alumnado.
- Participación activa do alumnado nos plans do centro.
- Rúbricas de avaliación.

2.2. CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final do alumnado de cuarto de primaria levarase a cabo tendo en conta as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres, valorando positivamente a implicación do alumnado nas actividades de reforzo, repaso e no seu caso amplicación, de xeito non presencial, no terceiro trimestre. Polo tanto, este traballo nunca minorará a cualificación do alumnado,

senón que pola contra, favorecerá a recuperación de materias pendentes e poderá mellorar a cualificación final.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE

A metodoloxía deste terceiro trimestre está centrada nas aprendizaxes e competencias imprescindibles para o alumnado de cuarto de Educación Primaria, que lle permitan manterse incorporados á aprendizaxe continua e suscitar o seu interese por aprender, de modo presencial ou non presencial. Serán actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado.

Deseñaránse actividades globalizadoras e interdisciplinares. Propóranse actividades que axuden á totalidade do alumnado a adquirir as aprendizaxes e competencias imprescindibles, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar co seu itinerario formativo.

3.1. ACTIVIDADES

As actividades estarán centradas nas aprendizaxes e competencias imprescindibles para o alumnado de cuarto de educación primaria. Serán actividades de repaso, reforzo e ampliación de aprendizaxes levadas a cabo durante o primeiro e segundo trimestre. A súa finalidade principal é permitir a continuidade do proceso de ensino - aprendizaxe fóra do ámbito escolar. Chegarán á totalidade do alumnado, tentando non sobrecargar ás familias, na medida do posible:

-Vídeos e audios online.

-Xogos e actividades educativas online.

- Recursos web e materiais descargables e imprimibles.
- Proposta de actividades que non requiren ser impresas (redacións, esquemas, cartas, diarios, producións plásticas...
- Fichas: comprensión lectora, expresión escrita, cálculo, resolución de problemas, numeración e repaso de contidos traballados na aula durante os dous primeiros trimestres de todas as áreas...
- Elaboración de producións escritas.
- Debuxos.
- Creacións artísticas e plásticas.

Daráselle especial importancia ao valor da lectura, como fonte de aproximación a novos coñecementos, establecendo orientacións metodolóxicas concretas.

Tendo en conta a importancia do valor educativo e pedagóxico das TIC's, levaranse a cabo unha selección de actividades interactivas, xogos e visionado de diferentes videos dacordo coa temática a traballar en cada unha das áreas.

Para o alumnado que precisa reforzo educativo as mestras de apoio de PT prepararán material específico para eles, favorecendo o reforzo nesas aprendizaxes que máis o precisan.

3.2. METODOLOXÍA (Alumnado con conectividade e sen conectividade)

Propoñeranse durante os días lectivos da semana, actividades de reforzo, repaso e ampliación, de xeito non presencial. Publicaranse de xeito oficial na páxina web do centro. Tendo en conta o alumnado que non dispoña de conectividade ou un mal funcionamento da mesma, achegaráselle as tarefas vía correo electrónico, wassapp ou telefónicamente. O concello ofreceuse a achegar ás familias materiais fotocopiabiles, previa solicitude ao mesmo. Tamén se lle proporcionará as familias os materiais dos que o alumnado dispoñía na aula, favorecendo así a que todos teñan material de consulta e recursos didácticos á súa disposición para a realización das tarefas diarias, tentando facilitar o máximo posible a situación extraordinaria deste trimestre.

3.3. MATERIAIS E RECURSOS

- Paxina web do centro.
- Vídeos e enlaces online.
- Pdf
- Material imprimible e descargable.
- Material de refugallo
- Correo electrónico.
- Teléfono
- Wassapp
- Libro do alumnado.

4. INFOMACIÓN E PUBLICIDADE

4.1.INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS.

Empregarase a páxina web do centro como medio principal de comunicación e información ás familias. Outras vías de información que se empregarán serán o correo electrónico e o teléfono móbil, así como o espazo abalar.

4.2.PUBLICACIÓN

Publicación obrigatoria na páxina web do centro.